

**PLAN DE
CONVIVENCIA NO
CENTRO**

INDICE

| | |
|---|-----------|
| CONTEXTUALIZACIÓN | 2 |
| 1.-XUSTIFICACIÓN | 2 |
| 2.-DETECCIÓN DE NECESIDADES | 3 |
| 3.-OBXECTIVOS | 6 |
| 4.-ACTUACIÓNS | 7 |
| 5.-AVALIACIÓN DO PLAN | 13 |
| ANEXOS: | |
| I.-RISCO SOCIAL DE SER MALTRATADOR/A OU MALTRATADO/A | 16 |
| II.-INDICADORES ACOSO ESCOLAR | 18 |
| III.-PROTOCOLO ACTUACIÓN ACOSO | 20 |
| IV.-CUESTIONARIO CONDUCTAS CONFLITIVAS | 21 |

O PLAN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES Pintor Colmeiro é un centro de recente creación (1998/1999). O edificio principal está rodeado por unha extensión de terreo, en parte pavimentada e en parte axardinado, que funciona como patio de recreo. Dentro deste patio atópase o aparcadoiro e outras instalacións entre as que destacan o ximnasio e varias canchas deportivas de fútbol e baloncesto.

Está situado na vila de Silleda, concello de Silleda. O alumnado é maioritariamente de procedencia rural e o sector productivo mais forte é o gandeiro.

No centro traballamos ao redor de 500 persoas, entre alumnado, profesorado e persoal non docente.

Impártense ensinanzas de:

- o ESO
- o Bacharelato nas modalidades de :
 - CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO.
 - HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.
- o Ciclos Formativos de Grao Medio:
 - Comercio.
 - Condución de Actividades Físico– Deportivas no Medio Natural.
- o Ciclos Formativos de Grao Superior:
 - Xestión Comercial e Marketing.
- o Educación de Persoas Adultas:
 - Ensinanzas Básicas.
 - Graduado en Educación Secundaria.
 - PCPI.
 - Outras actividades de formación: Iniciación ás novas tecnoloxías para maiores de 18 anos.

MARCO LEGAL:

- Lei 27 de 2005 do 30 de novembro de Fomento da Educación e da Cultura da Paz.
- Lei Orgánica de Educación 2/2006 (LOE).
- Decreto 85/2007 do Observatorio Galego da Convivencia.

I.-XUSTIFICACIÓN

A convivencia aprendémola interactuando, compartindo vivencias xuntos, fomentando as boas relacións interpersoais, dialogando, escoitando activamente, participando, comprometéndose, asumindo responsabilidades, compartindo propostas, discutindo, intercambiando ideas e opinións diferentes, disentindo, acordando, atopando aspectos comúns, reflexionando, producindo pensamento, construíndoa cada día...

Require un traballo compartido, sistemático, tempo necesario para o seu deseño, para a súa aplicación, para probar e modificar, faise cada día, nunca está rematada, non ten receitas infalibles, trátase de suxerir, de propor, facilitar espazos e momentos de encontro, de participación, na aula e fora dela, tendo moi presente que a aula é un espazo privilexiado para construír a convivencia no centro educativo, para construír as relacións persoais e sociais, para aprender xestos e rituais, comportamentos, actitudes e valores.

O centro educativo, concibido como un microsistema social, necesita garantir unha adecuada convivencia entre os membros que o constitúen, e isto pódoo facer a través do establecemento dunhas actitudes, normas, estratexias e prácticas baseadas no respecto, que, como conxunto de principios, especifiquen determinados tipos de comportamentos en situacións concretas.

Fenómenos como os conflitos e a conflictividade, os diversos tipos de violencia, a indisciplina, os comportamentos disruptivos, o matonismo (o *bullying*), o acoso escolar, a agresividade, a competitividade, o abuso, a intimidación, as ameazas... aparecen moitas veces utilizados indistintamente entre o profesorado e polos medios de comunicación cando, en rigor, son conceptos claramente diferenciados. Cómpre non caer en xeneralizacións, aprender a matizar e a diagnosticar correctamente, co obxecto de promover as medidas correctoras mais axeitadas.

Cando falamos de **conflicto** e de conflictividade tendemos a consideralo de maneira negativa porque, habitualmente, confundimos os conflitos en si mesmos, coa maneira en que tradicionalmente os resolvemos, é dicir, coa forza, coa imposición, coa dominación e coa violencia. Os conflitos existiron, existen e existirán sempre, son o resultado de diferenzas de criterios, de aspiracións, de proxectos, de desexos entre persoas, grupos ou nacións. A clave non está en negalos senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, do entendemento, da negociación, do acordo.

Referíndonos á chamada **violencia escolar**, á violencia entre iguais, ó matonismo, ou o *bullying*, deberíamos analizar as situacións de acoso, de intimidación ou de victimización, cando un alumno ou unha alumna resultan agredidos, física e/ou psicolxicamente, de forma reiterada, por outro alumno ou por un grupo. Debemos ter en consideración que a violencia escolar conleva aparellado, ademais, un triángulo inevitable formado polos **agresores**, as **vítimas** e os **espectadores**, tres grupos distintos que merecen e necesitan, á súa vez, protocolos e tratamentos educativos diferenciados.

Sen dúbida que un Plan de Convivencia Escolar, para non caer na impunidade, ten que especificar e desenvolver medidas de carácter disciplinario, protocolos de actuación diante dos agresores, das vítimas e dos espectadores da violencia escolar. Sen embargo, desde o noso punto de vista, son as propostas de carácter educativo, as que deben centrar o marco xeral das actuacións. Deberanse concretar tamén as medidas disciplinarias para aqueles casos de non modificación de conduta.

2.-.-DETECCIÓN DE NECESIDADES

Calquera plan que pretenda ser realista e eficaz debe pasar por catro fases: sensibilización, diagnóstico do estado da convivencia no centro, determinación de obxectivos e dos medios para conseguilos e avaliación dos logros.

A fase de sensibilización é fundamental para crear un clima que permita que o proxecto sexa, de feito, de todos.

Desde o inicio do curso veuse falando no centro da elaboración do Plan de Convivencia (claustro de profesores, Consello Escolar, CCP...) e decidiuse que o mellor xeito de chagar a facer un diagnóstico das necesidades do centro en materia de convivencia sería a través dun cuestionario. Este foi cuberto polo profesorado e alumnado do centro e del dedúcese o seguinte:

Con respecto ó profesorado.

- ▶ A maioría considera que a convivencia no centro é “normal” ou “boa”

- ▶ Os conflitos que se producen con máis frecuencia son, por este orde:
 1. Entre o centro e a administración educativa.
 2. Entre o alumnado.
Entre profesorado e alumnado.
Entre o profesorado e o equipo directivo.
 3. Entre profesorado e familias.
Entre profesorado.
Entre pais e fillos.
- ▶ Os conflitos que se teñen producido no centro con máis frecuencia nos últimos anos son:
 1. Condutas disruptivas na aula.
 2. Indisciplina e agresións verbais entre o alumnado.
 3. Problemas entre o profesorado
 4. Roubos.
- ▶ O profesorado opina que as medidas máis útiles para mellorar a convivencia son:
 1. Unificar criterios de actuación entre o profesorado.
Facer grupos de alumnado máis reducidos.
Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo.
Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos.
Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado.
Consensuar normas entre alumnado e profesorado.
Formar ó profesorado en resolución de conflitos.
 2. Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa
Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado.
Mellorar as condicións de traballo do profesorado.
Reforzar a disciplina do centro.
Mellorar os recursos do centro.
Facer grupos de mediación de conflitos nos centros.

Con respecto ó alumnado:

- ▶ O 93% do alumnado que cubriu o cuestionario opina que a convivencia no centro é “normal” ou “boa”, un 7% opina que é “mala” ou “regular”.
- ▶ Os conflitos que se producen con máis frecuencia son, por este orde:
 1. En primeiro lugar e con moita diferenza, entre o alumnado.
 2. En segundo lugar entre o profesorado e o alumnado.
 3. Por último, entre o profesorado.
Entre o profesorado e o equipo directivo.
Entre pais/nais e fillos/as.
- ▶ Os conflitos que se teñen producido no centro con máis frecuencia nos últimos anos son:
 1. Agresións verbais entre alumnado.
Condutas disruptivas nas aulas.
 2. Indisciplina (insultos, malas contestacións, faltas de respecto...).
Vandalismo ou deterioro de cousas.
 3. Agresións físicas entre o alumnado.
- ▶ O alumnado opina que as medidas máis útiles para mellorar a convivencia son:
 1. Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado.
 2. Mellorar os recursos do centro.
 3. Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa.

4. Unificar criterios de actuación entre o profesorado.

Como pode observarse as condutas disruptivas a indisciplina e as agresións verbais entre o alumnado son os conflitos que se veñen producindo con máis frecuencia no IES.

A DISRUPCIÓN trátase de comportamentos non necesariamente violentos, nin sequer agresivos, que impiden o normal desenvolvemento das clases. Determinados alumnos, con distinto grao de intencionalidade, realizan un boicot cara ao traballo do profesor en clase e cara á actividade do resto de compañeiros, mediante condutas que impiden, dificultade ou fan insufrible a práctica docente.

En canto ao respecto cara ao profesor: falar mentres explica o profesor, non aceptar as súas indicacións respecto da tarefa ou a conduta, levantarse do seu sitio sen permiso, gardar as cousas antes de tempo, protestar ou queixarse con ton impertinente, ameazar.

En canto á relación cos compañeiros: dar colleras ou empuxóns, facer xestos xocosos, insultar, quitar ou esconder cousas, rirse doutros, pelexarse.

En canto ao alumnado con condutas disruptivas, tanto as que afectan ao rendemento na aprendizaxe como as que teñen que ver coa convivencia teñen en común unha serie de características:

- Rexeitamento á aprendizaxe: non comparten os obxectivos educativos do centro e non se esforzan en conseguilos
- Perciben unha distancia entre o nivel académico propio e o que o profesor lles pide, por iso, desisten.
- Algúns alumnos descoñecen formas de relación apropiadas (falta de habilidades sociais).
- Non han interiorizado o respecto ás normas nin recoñecen a autoridade.
- Exercen a violencia emocional para modificar o comportamento dos demais e así conseguir o que queren.

Consideracións xerais.

Antes de entrar nas orientacións dos teóricos, convén facer unha serie de consideracións de diversa natureza sobre a disrupción:

Non existen receitas máxicas, todos temos experiencia docente e a maioría das veces o intercambio desa experiencia é o que máis nos pode axudar.

- ▶ O que entendemos por disrupción ou por condutas disruptivas depende moito da apreciación de cada profesor: atopar a cadeira manchada de xiz, que un alumno chegue tarde, que sente con posturas estrañas non son condutas valoradas do mesmo xeito por distintos profesores. Por iso é importante que nos poñamos de acordo sobre que condutas disruptivas queremos traballar, centrándonos nas que máis distorsionan o ambiente do aula. Se non chegásemos a un acordo, debemos aclarar, cada un na nosa clase, que necesitamos para que as cousas funcionen.
- ▶ A disrupción dificulta a aprendizaxe de todos os alumnos (disruptivos ou non) e o traballo do profesor, posto que debe dedicar boa parte do seu tempo e da súa enerxía a facerlle fronte. Tamén afecta ás relacións interpersoais que se producen na aula, afastando emocionalmente e favorecendo a incomunicación ou a comunicación agresiva.

- ▶ Ademais, impide o deseño de enfoques metodolóxicos activos e participativos, dado que adoitan ser difíciles de manexar cando hai disrupción. Unha metodoloxía única, directiva, baseada en explicacións do profesor e a realización individual de exercicios por parte dos alumnos, en principio permite maior control do aula; con todo provoca nos alumnos aburrimiento e rexeitamento, o cal favorece a disrupción, situámonos ante un círculo difícil de romper.
- ▶ A disrupción xera no profesor gran tensión; nos alumnos, menos, porque a asimilan como normal dentro da clase que, ademais, rompe o que perciben como rutina e aburrimiento na vida escolar.
- ▶ Ás veces, pódese resumir na existencia dun ou varios líderes negativos, aos que hai que gañarse con diálogo persoal, man esquerda, pactos... Os casos moi difíciles de manexar, en que se mesturan condutas antisociais, deberíamos derivalos a expertos (orientador, traballador social, etc.)
- ▶ Estas condutas adoitan ser tácticas para probar ao profesor, polo que a mellor resposta á disrupción parece ser a que dan aqueles profesores que non mostran “sobreenfado” nin confusión, pero que tampouco ignoran a proba á que están sendo sometidos, e saben responder de forma serena e asertiva á mesma.
- ▶ Ante a disrupción, o que aconsellan os expertos é non centrarse nela, senón expor alternativas centrando a atención na tarefa. O profesor eficaz, ante a disrupción, aténdea, non a ignora, pero non reacciona de forma desproporcionada; busca como desescalar o conflito e centra a atención na tarefa.
- ▶ Así mesmo, é fundamental non quedar só e pedir colaboración ao titor, ao resto do equipo docente, actuando coordinadamente, con claridade e con pequenas medidas concretas acordadas nas sesións de avaliación, principalmente na inicial e na primeira.

3.-OBXECTIVOS

O obxectivo final é a mellora da convivencia no centro e na comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

3.1 OBXECTIVOS XERAIS:

1.-Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...).

2.-Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...).

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Implicar a toda a comunidade educativa na implementación do Plan de Convivencia.
- Propiciar medidas organizativas e de atención á diversidade axeitadas ás necesidades dos alumnos/as.

- Desenvolver dentro do PAT programas de habilidades sociais, de comunicación de resolución pacífica de conflitos, de sensibilización contra o maltrato, violencia de xénero, interculturalidade...na ESO.
- Consensuar pautas de actuación entre o profesorado con respecto ás normas básicas de convivencia.
- Revisar o RRI e incorporar aspectos recollidos neste plan.
- Elaborar protocolos de recollida de información en situacións que alteren a convivencia (disrupción, acoso...)
- Elaborar protocolos de actuación nos caso de acoso que se detecten.
- Elaborar un plan de acollida para alumnado estranxeiro.
- Establecer normas de clase en colaboración co alumnado.
- Mellorar a formación do profesorado en resolución de conflitos e na convivencia en xeral.
- Propiciar unha maior implicación das familias
- Intensificar as canles de colaboración entre o IES e o Concello, Servizos Sociais e Centro de saúde.

4. ACTUACIÓNS

Nesta liña, o Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo... e debe de implicar a toda a comunidade educativa.

Como tamén sabemos, os mellores antídotos contra da violencia constrúense, construímos na familia. Son os pais e as nais, nos primeiros anos de vida, os que van conformando o que Juan Rof Carballo denominou a “urdime afectiva”, o mapa dos afectos e dos sentimentos, a cartografía das emocións, como mellores antídotos contra da violencia.

Por outra banda, o alumnado ten que participar activamente na elaboración das normas de convivencia, elixir a súa representación, construír a democracia na escola, actuar nas asembleas de aula e como axudante na integración e na mediación, como axente de prevención, como colaborador imprescindible na protección das vítimas da violencia, na axuda e na tolerancia cero cos agresores e cos espectadores da violencia, así como un elemento clave na educación e na reeducación dos compañeiros/as.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que o centro debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible da súa realidade de partida sobre a que ir artellando as súas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do proxecto educativo do centro.

CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS:

1. Dedicar a primeira semana de clases no inicio de cada curso escolar a **recordar, actualizar, divulgar, difundir... o Plan de Convivencia** entre os distintos sectores da comunidade educativa do centro, recoller propostas, suxestións, críticas... co obxecto de modificar e adaptalo ás novas circunstancias si fose necesario, mesmo poñer en marcha Plans de Acollida do novo alumnado. Establecer mecanismos de mellora da coordinación entre o profesorado de Primaria e o de Secundaria co obxecto de compartir criterios en relación coa convivencia.
2. Creación do **Observatorio da Convivencia Escolar no Centro**.

3. Participación en plans de **formación** do profesorado no propio centro sobre convivencia. Neste curso solicitaremos un grupo de traballo que será coordinado pola directora do centro.
4. Elaboración/aprobación dun plan de atención ó alumnado inmigrante...acollida, intervencións...
5. Actualización e revisión dos sistemas de sancións buscando unha maior eficacia e insistindo no seu carácter educativo. **Revisión do RRI.**
6. Colaboración con outras institucións implicadas como son os concellos, os servizos de saúde, asistencia social, etc. Neste curso: participación en obradoiros xestionados polo concello, implicación da alcaldesa formando parte do C. Escolar do centro, entrevistas programadas coa asistentente social...
7. Programas de controis de asistencia e comunicación coas familias.
8. Poñer unha **caixa de suxestións** no hall do centro é unha das posibilidades de participación. A través dela, calquera persoa do centro pode contribuír a mellorar as cousas que funcionan mal.
9. Utilización da **mediación** como estratexia para a resolución de conflitos.
A mediación é un modo formal e elaborado de negociación que serve en determinados casos para transformar positivamente un conflito entre dous partes. Moitas veces é un sistema complementario a outras intervencións. Non hai que considerala só en sentido finalista, é dicir como procura dunha resolución definitiva dun conflito, senón como un proceso no que o conflito pódese transformar ou non, pero a través do cal cambia a relación entre as partes e, sobre todo, quen participa nela aprende que serve para aclarar conflitos, chegar a acordos e pódese proxectar a situacións novas.
Contribúe a fomentar o diálogo e a colaboración como estilos para resolver conflitos. E iso xa é moito. A mediación transforma situacións que non resolve o método sancionador, aínda que non todas; nin sequera está indicada para todos os conflitos. O que se gaña respecto das sancións é precisamente o seu valor educativo
11. Utilización da **Revista** e da **Web** do centro para divulgar actuacións referidas á mellora da convivencia.
12. Participación en Proxectos Europeos:
 - Seccións Bilingües: impártense clases de música en inglés en terceiro e cuarto de ESO e 1º de BAC.
 - CRUNDTVIG:
13. Establecemento dunha "**rede de compañeiros axudantes**" coas seguintes funcións:
 - Axudar no estudo a compañeiros/as que o necesiten (dúbdas, problemas, tarefas concretas, traballos). O espazo horario serían os recreos e as horas de garda en que falte un profesor. Nun nivel maior de compromiso, a iniciativa persoal, podería ser o axudar regularmente fóra do horario lectivo.
 - Colaborar na acollida de alumnado recentemente chegados, acompañándoos, informándolles, apoiándoos.
 - Fomentar a integración de compañeiros/as illados/as, invitándoos a participar en grupos, iniciando conversacións, acompañándoos en recreos...
 - Ofrecerse a escoitar a compañeiros/as con problemas e axudarlles a analizar posibles solucións.
 - Mediar en conflitos de aula.

- Liderar actividades de grupo en recreos, colaborando coas iniciativas do profesorado neste sentido (revista do centro, campionatos, **concursos...**)

14. O desenvolvemento dun Plan de Convivencia debe considerar accións para realizar desde o **Plan de Acción Titorial**; é dicir, deben facerse explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Polo tanto, debe incorporar nos seus obxectivos e nas súas actuacións, cos matices e gradacións en función dos destinatarios -alumnado, familias, profesorado-, referencias explícitas a eses valores que se poden traducir en:

a) No bloque dos **obxectivos**:

- Coñecer e valorar as **características do grupo** de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquietudes, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
- Fomentar a **integración** do novo alumnado, desenvolvendo accións que favorezan a súa adaptación. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Promover a **participación das familias** no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dos seus fillos como integrantes dunha sociedade para a *convivencia democrática*.

b) **Actuacións que se están a desenvolver no centro** ou que se están programando:

- Desenvolvemento das accións previstas no programa de **acollida** (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...). Co alumnado que ven dos centros de primaria realízase unha pre-acollida no mes de maio.
- Revisión do expediente persoal de cada alumno e de cada alumna, para un previo coñecemento da súa realidade.
Recollida de información a través dun **cuestionario persoal** inicial que cubre todo o alumnado do centro.
- Desenvolvemento coordinado da **avaliación inicial** do alumnado, coa elaboración de protocolos destinados a ese fin.
- Información, ao alumnado e ás familias, ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran no RRI e na Programación Xeral Anual de cada curso (normas de funcionamento, calendario, horarios, entradas e saídas, coidado das instalacións e dos recursos, adscrición, xustificación de faltas, normas de convivencia, medidas de mellora, canles de participación do alumnado e das familias, horarios de titoría, actividades complementarias e extraescolares, programas escolares, criterios de avaliación e de promoción...). O profesorado dispón dun **guión** elaborado polo dpto. de orientación para este fin en colaboración coa xefa de estudos.
- Establecemento dun horario semanal de **atención individual ás familias** que posibilite a participación e o intercambio de información e o establecemento de

pautas de actuación entre o centro e as familias. O profesorado titor leva un rexistro destas entrevistas.

. Aplicación de **cuestionarios sociométricos** para analizar as relacións no grupo.

- Planificación das sesións titoriais semanais (secundaria) e das temáticas que se van tratar.
- Planificación de reunións xerais coas familias e das temáticas que se van abordar (elaboración de guións).
- Establecemento dunha liña de coordinación entre o equipo docente, especialmente no que atinxe aos aspectos metodolóxicos (traballo cooperativo, aprendizaxe entre iguais, profesorado mediador, alumnado mediador...).
- **Control da puntualidade e absentismo**, informando puntualmente á xefatura de estudos e á familia.
- Información ao Departamento de Orientación, sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
- Colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo; especialmente nas medidas de atención á diversidade (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado inmigrante, alumnado en situación de desvantaxe sociocultural...).
- **Asesoramento ás familias** sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e das súas fillas. Elaboración e difusión de documentos informativos sobre a adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional, etc
- Unificación de medidas e de procedementos de intervención e modelos de informes (diversificación, exención de francés, ACIs...).
- Incorporación da convivencia aos aspectos que se deben contemplar nas sesións de avaliación dos grupos.
- Información trimestral ao **Consello Escolar** da situación da convivencia no centro. Incorporación do informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso.

c) No bloque dos **programas de acción tutorial**:

Incorporación ó longo dos catro cursos de ESO de programas de desenvolvemento de **habilidades sociais**, a **comunicación**, **resolución pacífica** dos conflitos, **mediación**, sensibilización contra o **maltrato entre iguais**, violencia de xénero, interculturalidade...

16. Elaboración de **normas de aula**.

É necesario elaborar unha normativa de aula. Moitos conflitos prodúcense pola infracción por parte do alumnado de normas informais do/a profesor/a, as non escritas en ningún documento nin sequera explicitadas en clase. Damos por suposto que as coñecen. Con todo son moitas e ademais diferentes dun profesor a outro, o cal pode provocar desconcerto nuns, inseguridade ou rexeitamento noutros.

Facelo trae consigo unha serie de **vantaxes**:

- Prevé a indisciplina e, nalgúns casos, determinados comportamentos antisociais, porque nun diálogo co alumnado desde as primeiras clases do curso, recollemos as súas opinións ou suxestións e aclaramos como é necesario que funcionemos para conseguir un bo clima de clase que permita conseguir o noso obxectivo fundamental, o que nos reúne dentro do aula, que é aprender.

Iso orienta a todos na forma de resolver conflitos, porque todo está aclarado desde o principio.

- Son beneficiosas para o profesor e para os alumnos: non hai unha parte perdedora e outra gañadora, senón que todos gañan.
- Son unha axuda para a convivencia porque, ademais de previr conflitos, expón unha forma pacífica e educativa para resolvelos: primeiro coñecemos as necesidades do grupo e despois expomos estratexias de actuación en caso de incumprimento, que eviten a aplicación de sancións, ou ben que estas se utilicen só como último recurso.
- Mellora a visión que moitos alumnos/as teñen do profesorado, no sentido de que somos nós quen mandamos e eles quen obedecen, porque ven que confiamos na súa capacidade para entender a necesidade dunhas normas, observan o noso interese porque todo funcione ben e experimentan ser escoitados nun asunto que lles afecta de xeito importante.
- Reforza a nosa autoridade, posto que, no caso de que teñamos que recorrer a medidas drásticas, os alumnos enténdenas e acéptanas mellor, porque comprobamos que queremos e sabemos actuar dun xeito respectuoso e educativo.
- Facilita que o alumnado non perciba as correccións como algo arbitrario: basta recordar o que xa está falado; desta forma, o profesor non se ve obrigado a xustificar cada decisión.
- Reforza a seguridade do alumnado porque coñece o que debe facer, como, e as consecuencias de non facelo.

A elaboración dunha normativa de aula debe pasar por tres fases para que sexa o máis eficaz posible:

1º. Explicitar os valores que subxacen ás normas. Aclarar eses valores, que probablemente sexan compartidos por todos, fan ás normas razoables, polo que, a partir do valor podemos xustificar a súa necesidade.

Se explicamos a necesidade de normas a partir dos valores que as sustentan (reflexión, autonomía, sentido crítico, liberdade e responsabilidade, procedementos democráticos, participación, integración, respecto...), podemos facer entender que a norma non se establece contra eles, como vinganza ou como castigo, senón que é unha oportunidade para conseguir un fin común.

2º. Establecer as normas concretas que van regular as relacións dentro do aula. Para iso convén ter en conta as seguintes consideracións:

- Corresponde ao profesor establecelas, porque é el quen ten un diagnóstico máis realista das necesidades, á vez que a responsabilidade de facelo. Dito isto, é imprescindible escoitar aos alumnos para enriquecer o noso diagnóstico e para conseguir a súa colaboración.
- Deben ser coherentes coa normativa establecida no regulamento do centro e non contradicila. Se unha norma xeral nos parece pouco razoable, xeradora de conflitos, ou inxusta, non podemos cambiala nas nosas normas de aula. Deberíamos propor a súa modificación a través das canles establecidas.
- Expresaranse en termos de necesidades, non de prohibicións, de forma que ao lelas ou recordalas, se manteña o espírito de regulación da convivencia. Por exemplo, en lugar de dicir “ninguén poderá interromper a un compañeiro”, é máis convincente e educativo expresado así: “é necesario respectar a quenda de palabra para que todos podamos expresarnos con liberdade e tranquilidade”.

- Hai que axustalas ás necesidades reais: seleccionaremos as condutas que máis impiden un ambiente de clase tranquilo e respectuoso. Se sometemos a norma todo o que non nos gusta, sen maior criterio, é fácil que se nos escape das mans, que os alumnos se angustien porque as ven excesivas e sen sentido, e que se desmotiven para colaborar. Por exemplo, se un grupo traballa razoablemente ben en parellas ou en pequenos grupos, non ten sentido esixir que se coloquen separados, en filas dun nun. Só imos conseguir empeorar a situación porque os alumnos vanse a sentir molestos e protestarán continuamente. Ademais, será unha norma inútil porque se expón sobre o baleiro: antes non había problema.
- É necesario que sexan precisas no seu contido e claras nos seus enunciados.
- Debe ser posible o seu cumprimento, evitando aquelas de incumprimento garantido. Por exemplo, nun grupo de atención moi dispersa en xeral non se pode pedir que os alumnos escoiten ao profesor sen interrompelo se a explicación vai ser extensa, porque é seguro que non o van a cumprir, e así a norma vai xerar conflito en lugar de evitalo.
- Que se refiran a todas as persoas do grupo, incluído o profesorado. Para iso, os alumnos/as expresarán as súas principais demandas respecto diso; por exemplo, “o profesor explicará máis amodo”, “non mandará máis de cinco exercicios de tarefa”, ...
- Serán asumidas pola maioría do grupo. Aínda que unha norma desguste a algunhas persoas, se serve para a maioría, será válida.

3º. Determinar as consecuencias do incumprimento de cada norma é fundamental para motivar a respectala. Segundo a nosa experiencia, a enumeración de normas, sen máis, non serve: o alumno sabe que non pasa nada se non respecta unha norma, que pode facer con impunidade e sen límites reais o que queira ata que o profesor/a se farte. Ademais o profesor/a non ten prevista a súa reacción, polo que o máis probable é que tome decisións improvisadas, ás veces arbitrarias, sen criterio fixo.

Trátase de establecer actuacións educativas, baseadas na modificación de condutas non desexadas. Antes de sancionar, proporemos que pidan desculpas, que rectifiquen ou reparen, no caso das condutas susceptibles diso como un mal ton, un dano, haber ensuciado o aula ou pintado a mesa, coller algo sen permiso do seu dono. Noutro tipo de condutas como o “faltar a clase”, o esquecemento de materiais, falar a destempo, pódese citar ao alumno para dialogar co fin de que reflexione sobre a súa conduta e colabore para chegar a acordos. Se estas actuacións non resultan eficaces e esgotáronse os recursos previos á sanción, os alumnos deben saber de antemán que o seu comportamento ten unhas consecuencias que deben asumir e que se aplicarán as sancións que establece o regulamento.

Convén aclarar con eles a diferenza entre a idea de castigo e a de consecuencia lóxica e natural dunha conduta: o castigo-sanción pretende ensinar, pero adóitase percibir como desquite ou vinganza. Aínda que supón unha descarga emocional momentánea para quen o impón, carga a quen o recibe. A consecuencia, con todo, ten un carácter máis educativo e recuperador. Adoita gardar relación e proporción coa falta cometida e está orientada a facer comprender ao infractor os efectos negativos da súa conduta máis que a penalizala.

A Aula de Convivencia.

Espazo de reflexión para o alumno ou alumna que non ten un comportamento adecuado no aula, xunto ao profesorado e os seus compañeiros e compañeiras. Atención personalizada que realiza un profesor ou profesora durante a súa garda, para axudar e orientar ó alumnado para a mellora de actitudes.

COORDINACIÓN: xefa de estudos e orientadora.

OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar o clima de convivencia do centro en todos os espazos escolares (aula, corredores, patio,...)
- Crear espazos para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico e con actitude reflexiva, dialogada e transformadora.
- Participar no proceso educativo con principios solidarios.
- Xerar confianza en medios alternativos á violencia e á expulsión.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Ensinar a reflexionar ao alumno ou alumna que foi expulsado da aula.
- Valorar as causas da expulsión da aula.
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da vida escolar.
- Analizar os datos que xera o Aula de Convivencia, cuantitativa e cualitativamente, tanto en alumnos ou alumnas, individualmente, como en grupos e niveis.
- Axudar ao profesorado a poder realizar o seu traballo nun clima de aula adecuado.
- Educar aos grupos para traballar nun clima de harmonía e participación, baixo a autoridade do profesor ou profesora.

5-AVALIACIÓN DO PLAN

O Plan de convivencia debe ser un documento vivo, aberto a posibles rectificacións, ampliacións, modificacións, especificacións, etc. Realizarase un seguimento e avaliación de todas as actuacións do Plan de Convivencia a través do observatorio da convivencia do centro.

Para avaliar o Plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

GRAO CONSECUCIÓN: 1- En inicio; 2-En proceso; 3-Rematado.

| ACTUACIÓN | RESPONSABLES | PRAZO | RECURSOS | GRAO CONSECUCIÓN | | | OBSERVACIÓNS |
|--|--|-----------------------------|---|------------------|---|---|--------------|
| | | | | 1 | 2 | 3 | |
| 1.- DIFUSIÓN PLAN | EQUIPO DIRECTIVO DPTO. ORIENTACIÓN | SETEMBRO/O UTUBRO | CCP / C. ESCOLAR / OBSERVATORIO DA C. | 1 | 2 | 3 | |
| 2.OBSERVATO- RIO DA CONVIVENCIA | EQUIPO DIRECTIVO | NOVEMBRO DECEMBRO | | 1 | 2 | 3 | |
| 3.-FORMACIÓN | EQUIPO DIRECTIVO PROFESORADO IMPLICADO/ORIENTADORA | 2º/3º TRIMESTRES | GRUPO DE TRABAJO | 1 | 2 | 3 | |
| 4.- MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | EQUIPO DIRECTIVO DPTO. ORIENTACIÓN PROFESORADO | SETEMBRO/ DECEMBRO | | 1 | 2 | 3 | |
| 5.-PLAN ACOLLIDA INMIGRANTES | EQUIPO DIRECTIVO DPTO. ORIENTACIÓN PROFESORADO | 1º TRIMESTRE | | 1 | 2 | 3 | |
| 6.-REVISIÓN RRI | EQUIPO DIRECTIVO | 1º/2º TRIMESTRES | R.R.I | 1 | 2 | 3 | |
| 7.-COLABOR. CONCELLO, S.S | EQUIPO DIRECTIVO | TODO O CURSO | | 1 | 2 | 3 | |
| 8.-CONTROL ASISTENCIA... | XEFA ESTUDOS PROFESORADO | TODO O CURSO | | 1 | 2 | 3 | |
| 9.-CAIXA SUXESTIÓNS | EQUIPO DIRECTIVO DPTO. ORIENTACIÓN | TODO O CURSO | CAIXA DE SUXESTIÓNS | 1 | 2 | 3 | |
| 10.-MEDIACIÓN | DPTO. ORIENTACIÓN PROFESORADO | A PARTIR DO 2º TRIMESTRE | BIBLIOGRÁFICOS | 1 | 2 | 3 | |
| 11.-REVISTA / WEB CENTRO | EQUIPO RESPONSABLE DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN | A PARTIR DO 2º TRIMESTRE | MATERIAIS UTILIZADOS CO ALUMNADO, INFORMACIÓN SOBRE TEMAS CONVIVENCIA | 1 | 2 | 3 | |

| | | | | | | | |
|---|---|-----------------|--|---|---|---|--|
| 12.- PROXECTOS EUROPEOS | EQUIPO DIRECTIVO PROFESORADO IMPLICADO | TODO O CURSO | | 1 | 2 | 3 | |
| 13.-REDE DE COMPAÑEIROS AXUDANTES | XEFATURA DE ESTUDOS DPTO ORIENTACIÓN PROFESORADO TITOR | TODO O CURSO | | 1 | 2 | 3 | |
| 14.- PROTOCOLO ACTUACIÓN SANCIONES | XEFATURA DE ESTUDOS | 1º TRIMESTRE | | 1 | 2 | 3 | |
| 15.-P.A.T CONVIVENCIA | XEFATURA DE ESTUDOS DEPTO ORIENTACIÓN PROFESORADO TITOR | TODO O CURSO | SOCIOGRAMAS PROGRAMAS: MALTRATO ENTRE IGUAIS VIOLENCIA XÉNERO COMUNICACIÓN RESOLUCIÓN CONFLITOS | 1 | 2 | 3 | |
| 16.-NORMAS AULA | XEFATURA DE ESTUDOS DEPTO ORIENTACIÓN PROFESORADO TITOR | 1º TRIMESTRE | | 1 | 2 | 3 | |
| 17.- | | | | 1 | 2 | 3 | |
| 18.- | | | | 1 | 2 | 3 | |
| 19.- | | | | 1 | 2 | 3 | |
| 20.- | | | | 1 | 2 | 3 | |
| | | | | 1 | 2 | 3 | |

ANEXO I

O RISCO SOCIAL DE SER MALTRATADO OU MALTRATADOR

Aínda que o número de mozos/as que viven afastados dos problemas de malos tratos e abusos é moito máis alto que o dos que ven afectados por eles, en todos os centros educativos hai un certo número de alumnos/as que padecen dificultades de integración social e están en situación de risco de verse incluídos en fenómenos de violencia, xa sexa como vítima dos seus iguais, como agresor ou como espectador activo. Son mozos/as que, ben polas súas características persoais, ben porque tiveron experiencias sociais negativas, ou por estar atravesando un momento difícil no seu desenvolvemento, son máis vulnerables que os demais de verse implicados en problemas de abusos, malos tratos ou violencia interpersoal.

Calquera mozo/a pode ser vítima da prepotencia de compañeiros/as, ou chegar a formar parte de grupos que abusan doutros/as, pero hai circunstancias relativas ao propio alumnado, ou ás súas condicións ambientais, que poderían actuar como factores que predispoñen a verse implicado neste tipo de problemas, desde calquera dos polos do fenómeno. Aínda que non todos os autores están de acordo en sinalar as mesmas características de risco, hai acordo nun certo número delas.

Factores de risco relativos á propia personalidade.

a) No caso das **vítimas**:

- Escasas habilidades para negociar procesos sociais cos seus iguais.
- Excesiva timidez e dificultades para expresar a súa opinión.
- Baixa autoestima persoal.
- Escaso desenvolvemento do concepto de si mesmo/a.
- Submisión a normas impostas.
- Excesiva necesidade de ser valorado ou querido.
- Baixo nivel de resistencia á frustración.
- Excesiva submisión, tamén cara aos adultos.
- Ás veces inmadurez xeral, ata no desenvolvemento físico.
- Sen experiencias de ser tratados duramente por adultos.

b) No caso dos **agresores/as**:

- Excesiva necesidade de impor o seu punto de vista.
- Dominio case cínico das súas habilidades sociais.
- Baixo nivel de resistencia á frustración.
- Escasamente reflexivo/a, ou hiperactivo.
- Escaso desenvolvemento do concepto de si mesmo.
- Nivel baixo de autoestima.
- Excesiva necesidade de ser considerado líder social.
- Incapacidade para aceptar normas e convencións negociadas.
- Ás veces, un desenvolvemento físico poderoso e un nivel alto de tensión.
- Afeitos ser tratados duramente polos adultos.

Factores de risco relacionados co ambiente familiar.

Con frecuencia, os candidatos a verse atrapados na violencia dos demais son mozos/as que viven en ambientes familiares conflitivos, nos que a agresividade está moi presente, onde se producen escenas de violencia cunha certa frecuencia ou hai unha forma pouco dialogante de resolver conflitos.

Prodúcese indefensión (nas vítimas) ou hábitos provocadores e chulescos (nos agresores/as) cando se tiveron experiencias prolongadas de ser maltratado/a por os adultos máis achegados. Neste sentido, os efectos poden levar aos mozos/as a despreñar, cos seus iguais, tanto condutas de vitimización como de violencia.

Factores referidos a circunstancias temporais:

- Frecuentes cambios de colexio, por distintas causas; desde razóns obxectivas, como o cambio de residencia familiar, ás provocadas polas dificultades de integración social do alumnado.
- Períodos de crises ou transformación do seu contexto familiar, acontecementos traumáticos, enfermidades, etc.
- Mozos/as de novo ingreso no centro educativo, que proveñen de contextos escolares moi diferentes e que a integración lles está resultando difícil.
- Modificacións nos agrupamentos como consecuencia de planificación novas.

Factores que agravan o risco.

Ademais das características persoais e os factores situacionais, existen outros factores que aumentan o risco de que os mozos/as que se ven involucrados algunhas veces en problemas de relacións interpersoais, pero que aínda non son nin vítimas nin agresores, poidan chegar a verse implicados en problemas de violencia, como son:

- A constancia no tempo de malas relacións.
É moi importante distinguir o episódico do habitual. A persistencia é un poderoso indicador do risco.
- A acumulación de diversas formas de malas relacións.
Cando se acumulan diversos tipos de malas relacións, aínda que non haxa malos tratos nin abuso en si mesmo, o mozo/a vólvese vulnerable, moi suspicaz e con tendencia a provocar o illamento e a marxinação doutros.
- A indefensión.
Algúns mozos/as parecen entrar nunha espiral de vitimización logo de sufrir un ou dous episodios de agresión por parte doutros. Seguramente a súa incapacidade para afrontar un problema pouco serio, magooulles a autoestima empezaron a considerarse vítimas antes de selo.
- O illamento social.
Ás veces, o mozo/a que é vítima doutros, nalgunha ocasión, reclúese en si mesmo, sen que saibamos moi ben por que o fai. Se non atopa pronto unha forma de reorganizar a súa vida social, pode profundar na súa soidade e crearse un estado de medo que predispondrá aos outros contra el/ela.
- A falta de amigos/as.

Os mozos/as aos que lles custa facer amigos e que, cando o fan, apéganse excesivamente a eles, creando uns lazos de gran dependencia, adóitanse sentir obrigados a obedecer, ata cando non están de acordo co que os amigos lles propoñen. Isto crea vulnerabilidade social, e dispón á submisión e á victimización.

ANEXO II
INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO
ESCOLAR

| CONDUTAS | |
|--|--|
| RELACIÓNS SOCIAIS | |
| Cambios nos tempos de chegada e saída da escola | |
| Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro | |
| Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) no centro | |
| Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) fóra do centro | |
| Busca acompañarse de persoas adultas | |
| Busca da soidade no centro | |
| Busca da soidade fóra do centro | |
| Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente | |
| Descoida o seu aspecto físico | |
| ESTADOS DE ÁNIMO | |
| Estado de ansiedade | |
| Preocupación | |
| Pechamento sobre si mesmo/a | |
| Desconfianza | |
| Desinterese | |
| Tendencia á tristeza e a chorar facilmente | |
| Nerviosismo repentino | |
| Dificultades de comunicación nas tarefas | |
| Dificultades de comunicación nas relacións co grupo | |
| Cambios de humor | |
| Molestias físicas (vómitos, dores...) | |
| Diminución da autonomía persoal | |
| Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a | |

| | |
|--|--|
| Negativa a falar sobre a situación | |
| Actuacións agresivas | |
| ACTITUDE NA TAREFA ESCOLAR | |
| Dificultades de concentración nas tarefas | |
| Actitude negativa ante as tarefas | |
| Diminución da calidade dos seus traballos | |
| Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a) | |
| Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a | |
| Prefire traballar só/soa | |
| Baixa no seu rendemento escolar | |
| Diminución da autoestima | |
| Puxéronlle alcumes que non lle gustan | |
| En actividades de grupo non é elixido/a | |
| Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais | |
| Actitude pasiva | |
| Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden | |
| Non se presta para participar en actividades voluntarias | |
| Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual | |

ANEXO III

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole.

A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.

2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores.

Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello.

ANEXO IV

CUESTIONARIO SOBRE CONDUCTAS CONFLITIVAS NOS CENTROS DE SECUNDARIA

Para deseñar estratexias que axuden a previr, no posible, os problemas de convivencia que se poidan presentar na túa intervención individual como profesor/a, rógoche completes o seguinte cuestionario.

O cuestionario é anónimo pero indica a que nivel pertence o teu grupo- clase:
_1er. CICLO ESO _ 2º CICLO ESO _ BACHARELATO _ CICLOS MEDIOS _
CICLOS SUPERIORES

Das condutas conflitivas que che presentamos, sinala cunha (X) na columna da esquerda, as CINCO que máis se deron na túa clase desde o principio do curso:

CONDUTAS CONFLITIVAS

| | |
|---|--|
| 1. Pelexarse | |
| 2. Animar nas pelexas | |
| 3. Dar patadas ás portas e os mobles | |
| 4. Romper ou estragar mobles, armarios, portas, cristais, ramas de árbores, papeleiras, etc. | |
| 5. Gritar, facer a cambadela, empuxar... | |
| 6. Non seguir as indicacións do Profesorado | |
| 7. Molestar aos compañeiros/as; esconderlles as cousas persoais, tiralas ao chan, encerralos nos servizos, etc. | |
| 8. Chuspir no chan | |
| 9. Chuspir aos compañeiros/as | |
| 10. Molestar nas outras clases: coarse, golpear as portas. | |
| 11. Deixar as billas abertas e tirar auga ao chan e aos compañeiros/as | |
| 12. Entrar nos servizos que non corresponde | |
| 13. Saír do centro sen permiso | |
| 14. Insultar ao profesorado | |
| 15. Insultar aos compañeiros/as | |
| 16. Contestar mal ao profesorado e a outros membros da Comunidade Educativa | |
| 17. Faltar á puntualidade inxustificadamente | |
| 18. Faltar ao centro inxustificadamente | |
| 19. Saír de clase en ausencia do Profesor/a | |
| 20. Realizar actos inxustificados que perturben o normal funcionamento das clases e outras actividades | |
| 21. Agredir fisicamente ao profesorado | |
| 22. Falsificar firmas | |
| 23. Atemorizar ou coaccionar aos compañeiros/as. Incitalles a realizar actos prexudiciais aos membros da comunidade escolar | |
| 24. Subtraer propiedades doutros membros da comunidade escolar ou do propio centro | |
| 25. Faltar a clase, despois de entrar no centro | |

ANEXO V MATERIAIS AULA CONVIVENCIA

ANEXO

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NAS FALTAS DE ORDE

**Deixarase constancia da falta, como se viña facendo, no parte de faltas da clase.*

1º O profesorado derivará ao alumnado a xefatura de estudos ou orientación no caso de que incorra:

- ▶ Nunha falta grave.
- ▶ Reiteración de faltas leves.

O alumnado levará cumprimentado o **Parte de Convivencia*** e tamén o modelo de **exercicios** (ou traballo) que debe de realizar na A.C sobre a materia que estivera dando na aula.

2º A xefa de estudos ou orientadora decidirán:

- Derivar ó/á alumno/a á Aula de Convivencia (cunha ficha de reflexión).
- Regresar á aula ordinaria logo de impoñerlle unha sanción.
- Permanecer no despacho de xefatura de estudos ou orientación realizando o traballo proposto polo/a profesor/a.

3º No caso de derivar á Aula de Convivencia, o/a **profesor/a de garda** deberá :

- ▶ Anotar o nome do/a alumna/o no rexistro diario que hai na A.C.
- ▶ Axudar ó/á alumno/a a reflexionar sobre o comportamento manifestado (primeiros 10 minutos aprox.). Utilizará unha ficha de reflexión que levará o alumnado (facilitada pola x. estudos ou orientadora).
- ▶ Finalmente o/a alumno/a realizará as tarefas propostas polo/a profesor/a no tempo de permanencia na Aula de Convivencia. No caso de non levar material, fará unha ficha de lingua ou matemáticas (están nas carpetas na Aula de Convivencia).

Observacións:

En setembro empeza a funcionar a Aula de Convivencia.

Neste curso funcionará durante toda a xornada lectiva.

O profesorado recollerá en Conserxería o Parte de Convivencia e fará as fotocopias que estime oportunas.

REXISTRO DA AULA DE CONVIVENCIA

| | ALUMNO /A | GRUPO | Profesor /a que o envía | MOTIVOS | PROFESOR /A DE GARDA |
|-----------|----------------------|--------------|------------------------------------|----------------|-------------------------------------|
| 1ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 2ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 3ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 4ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 5ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 6ª | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

| | ALUMNO /A | GRUPO | Profesor /a que o envía | MOTIVOS | PROFESOR /A DE GARDA |
|------------------|-----------|-------|-------------------------|---------|----------------------|
| 1º recreo | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| 2º recreo | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

AULA DE CONVIVENCIA, ESPAZO DE REFLEXIÓN. FINALIDADE

Espazo de reflexión para o alumno ou alumna que non ten un comportamento adecuado no aula, xunto ao profesorado e os seus compañeiros e compañeiras. Atención personalizada que realiza un profesor ou profesora durante a súa garda, para axudar e orientar ó alumnado para a mellora de actitudes.

COORDINACIÓN: xefa de estudos e orientadora.

OBXECTIVOS XERAIS

- Mellorar o clima de convivencia do centro en todos os espazos escolares (aula, corredores, patio,...)
- Crear espazos para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico e con actitude reflexiva, dialogada e transformadora.
- Participar no proceso educativo con principios solidarios.
- Xerar confianza en medios alternativos á violencia e á expulsión.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Ensinar a reflexionar ao alumno ou alumna que foi expulsado da aula.
- Valorar as causas da expulsión da aula.
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da vida escolar.
- Analizar os datos que xera o Aula de Convivencia, cuantitativa e cualitativamente, tanto en alumnos ou alumnas, individualmente, como en grupos e niveis.
- Axudar ao profesorado a poder realizar o seu traballo nun clima de aula adecuado.
- Educar aos grupos para traballar nun clima de harmonía e participación, baixo a autoridade do profesor ou profesora.

FICHA nº 1: FICHA DE AUTO-OBSERVACIÓN
NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Sesión:

Todas as persoas cometemos erros. O problema non está no erro en si mesmo senón nas causas que o provocan e nas actitudes negativas que traen como consecuencia. Polo tanto, para saír do erro, temos que reflexionar, auto-observarnos e coñecer as causas que nos levaron a tal actitude ou acción.

Describo o que ocorreu:

Por que actúo dese xeito?

Como me sinto?

Que podo facer nesta situación?

Que quero facer para resolver esta situación?

Decisión que tomo.

FICHA nº 2

COMPROMISO 1

Eu _____

—

comprométome a reparar o dano a

_____ (persoas afectadas), pola falta de

respecto á súa persoa _____(insultándoa,

pegándolle, mentíndolle, gritándolle, impedindo o desenvolvemento da clase...).

Para iso vou realizar as seguintes actividades (sinalar):

- Pedir desculpas.
- Observar os aspectos positivos da súa persoa.
- Outras (indica cales):

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

Data e sinatura.

FICHA nº3

COMPROMISO II

Eu _____

—

comprométome a reparar o dano causado ao material de

_____ (persoa, común ou do Centro).

Para iso vou realizar as seguintes actividades (sinalar):

- Pedir desculpas
- Arranxalo, reparalo...
- Outras (indica cales):
-

Có compromiso de que non se volverá a repetir

Data e sinatura

FICHA nº 4

NOVO COMPROMISO

Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

A primeira vez que pasaches pola "Aula de convivencia" comprometíche a:

Cres que cumpriches o teu compromiso?

Por que o rompiches? (sinala a resposta correcta):

- Por esquecemento
- Por culpa doutras persoas. Que pasou para que digas iso?
- Outras razóns. Cales?

Como che sentes logo de romper o compromiso?

Que estás disposto a facer para que non volva suceder?

FICHA 5

MATERIAL PARA COÑECER E MELLORAR OS SENTIMENTOS

Sesión:

CURSO E GRUPO: DATA:

QUÉ ENTENDO POR DIVERTIRME?

Cando estamos contentos sentímonos mellor e as demais persoas beneficianse diso. A diversión é unha actividade que realizamos para sentirnos ben; con todo, hai persoas que viven o xogo dunha forma negativa, insultando, poñendo “motes”, tirando papeis, ríndose dos demais, rompendo materiais e amolando os que podían ser bos momentos.

Que significa para ti divertirse ou xogar?

Sabes xogar con outras persoas?

É máis divertido pasalo ben co resto dos compañeiros e compañeiras? Por que?

Escribe catro comportamentos positivos que fixeches para divertirte e alegrar a outras persoas sen prexudicar a ninguén. Mentres o fas, deixa que a túa mente che ensine escenas reais da túa vida nas que estes comportamentos tiveron consecuencias positivas para ti e para os demais.

Escribe catro situacións da túa vida nas que alguén che faltou ao respecto: insultándote, pegándote, mentíndote, ríndose de ti. Describe tamén os sentimentos que se produciron en ti neses momentos.

Como se sentirán os demais cando ti lles faltas ao respecto?

FICHA nº 6

Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

APRENDEMOS A TER AMIGOS

A amizade podémola definir como un afecto persoal e desinteresado entre dous ou máis persoas que aumenta coa relación diaria e fainos felices. Para ter amizade, é necesario que sexamos persoas sinceras, xenerosas e ter sentimentos comúns. O contrario da amizade é o engano e o egoísmo.

Escribe as características que debe ter un amigo ou amiga.

Relaciona a amizade con outras palabras:

Escribe tres palabras que creas que son o contrario da amizade:

Por que hai amizade?

Que pasaría se todos foramos amigos e amigas?

Estás facendo todo o posible para que todos os compañeiros e compañeiras da clase sexan os teus amigos? Por que?

Por que é importante que todos sexades amigos?

A verdadeira amizade fai que teñamos un trato agradable, comuniquemos as nosas alegrías e penas,...

FICHA nº 7

Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

MATERIAIS PARA O AUTO-COÑECEMENTO

RECICLAR OS SENTIMENTOS NEGATIVOS Para logralo necesítase:

Fixarse no positivo

Cando exaltamos só o negativo dun acontecemento, esquecemos os outros aspectos que poden ser positivos. Desta forma parece que toda a situación é mala.

Luísa está traballando cos seus compañeiros e compañeiras de grupo, tiñan a actividade moi avanzada e ben respondida. Decide gastar unha broma a un amigo lanzándolle unha bóla de papel, a profesora vea e rífalla seriamente.

Logo deste incidente sentiuse moi deprimida. Estaba segura de que a profesora cría que non traballara en toda a clase. Xa non lle importou o ben que levaban a actividade.

Non xeneralizar

A partir dun simple incidente chegamos a unha conclusión xeral. Unha experiencia desagradable pode facernos pensar que sempre que se repita unha situación similar, repetirase a experiencia desagradable.

Tomás chegou á conclusión, despois de que o profesor lle chamara a atención por non atender á explicación varias veces, que sempre que alguén fale en clase lle botarán a culpa a el.

Non personalizar

Ás veces pensamos que todas as cousas teñen algo que ver connosco e comparámonos coas demais persoas.

A profesora díxolle a Miguel: "es un alumno moi traballador". Ante esta frase Pedro pensou: "seguro que é máis intelixente ca min".

Non interpretar o pensamento das demais persoas

Fai referencia á nosa sospeita sobre as demais persoas, cremos cousas sobre elas que son só imaxinacións nosas.

O profesor non está de bo humor por feitos ocorridos noutra clase, María pensa: "seguro que está así porque cre que fixen algo mal".

Estes pensamentos inflúen no noso carácter. Non son as cousas que pasan, senón todo aquilo que nos dicimos o que fai que nos sintamos tristes, alegres, enfadados.

Explica como cres que podes cambiar os sentimentos negativos no teu caso, baseándote no anterior.

FICHA Nº 8

Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

RECOÑECER O SENTIMENTO DE IRA

Para **controlar** os sentimentos de ira e negativos pódense utilizar algúns trucos:

- Respirar profundamente.
- Contar cara atrás amodo.
- Pensar en cousas agradables.

As dúas primeiras técnicas permiten un maior tempo para responder, de forma que as respostas non sexan maleducadas e a berros. A terceira, pensar en cousas agradables, serve para acougarse antes de meter a pata. Describe as túas últimas situacións de ira e a forma de evitalas no futuro.

Estuda un caso:

Margarita levantouse o outro día co pé esquerdo. O seu espertador non soou e, cando se deu conta, só quedaban quince minutos para entrar a clase. Non puido ducharse, nin almorzar e lanzouse o máis rápido que puido para ir a clase. Chegou correndo, xusto no momento en que pechaban a porta.

Era a clase de Ciencias Sociais e a profesora púxose a explicar cousas realmente interesantes. Con todo, uns compañeiros de atrás empezaron a facer ruído. Margarita non podía escoitar. Logo do que lle custou chegar a tempo agora uns cantos non a deixaban decatarse. Así que se deu a volta e pediulles que calasen. Estes contestáronlle: "Cálate ti, estúpida, e mira cara adiante! Ou queres que a profesora nos bote da clase? Igual o que quere é iso e estamos falando cunha chivata". Margarita entón sentiuse peor.

Describe como ves ti a situación de Margarita e dos seus compañeiros.

Que sentimentos cres que aparecen en cada persoa?

Como solucionarías esta situación?

Consecuencias da solución atopada.

Na nosa convivencia as discusións, os enfrontamentos, nunha palabra, os conflitos, son algo habitual nas relacións humanas. O problema non está no conflito en si, senón no que haxa que facer despois. Que aprendas a coñecerte e, xa que logo, a saber por que fas o que fixeches e a resolver con éxito situacións conflitivas dependerá en boa parte de ti. Conseguirás que todo che vaia mellor.

FICHA Nº 9

Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

O RESPECTO REFERIDO Á:

A propia persoa

Aceptarse a si mesmo e valorarse
Coidado da saúde física e mental
Dedicar un tempo ao auto-coñecemento
Non permitir agresións á túa persoa
Descubrir os teus gustos e afeccións

Cara á outra persoa

Saber poñerse no lugar do/a outro/a
Descubrir os aspectos positivos dos demais
Interese por coñecer a outras persoas
Traballar cooperativamente

Co entorno

Sentir que a terra é de todos os seres que a habitan
Coidar o material
Colaborar nas tarefas de limpeza e orde
Gusto por unha contorna bela

Escribe agora as características de cada un dos apartados anteriores que non tiveches en conta e que deberás ter moi presente para non volver faltar ao respecto.

FICHA Nº 10

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Sesión:

CONVIVENCIA NO CENTRO.

Os alumnos e alumnas debes aprender a defender os dereitos propios e alleos, a valorar os deberes e normas como facilitadores dos niveis da convivencia.

PENSA:

Todo grupo humano ten unha estrutura e unhas normas que regulan o seu funcionamento. A responsabilidade dos membros do grupo maniféstase en cumprir as normas aceptadas.

Ao instituto acoden moitas persoas con labores e fins diversos; **TODO FUNCIONA SE CADA UN FUNCIONA.**

A palabra **norma** adoita producir rexeitamento, pero non é unha imposición senón unha forma de vivir mellor, non é un conflito senón un elemento facilitador.

As normas, como todo na vida, son mellorables, e pódense cambiar polas canles adecuadas. Hai xente que cre que ter personalidade é ir en contra dos que mandan e oponse ó sistema. Esa postura é máis ben de inmadurez ou de orgullo. Por iso:

Le para coñecer e comentar as normas do noso centro.

E agora:

Aporta suxestións sobre aspectos que poidan mellorar:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

Podemos construír entre todos.

FICHA Nº 11

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Sesión:

RESPONSABILIDADE

Queremos axudarte a que organices o teu tempo e que comprobases que podes estudar e divertirte.

Como ate agora non soubeches facelo axeitadamente, posto que o teu comportamento na clase non foi o adecuado (non presentas os traballos, non fas os exercicios, non estudas, non participas,...), ímosche dar unhas suxestións para organizar o estudo:

- Estudar sempre á mesma hora e durante o mesmo tempo fai que custe menos traballo facelo.
- É bo que a xente non conte con nós nunhas determinadas horas; se nós respectamos o noso propio tempo os demais tamén o respectaran.
- Organiza as tardes con horas de estudo e horas de lecer. Hai tempo para todo.
- Dedicar máis tempo á materia que resulte máis difícil.
- Busca axuda para entender todo ben. Na clase, mantente atento e pregunta dúbidas. Na casa, consulta outros medios.
- Un esforzo organizado vale por mil esforzos dispersos.

Realiza un horario persoal para todos os días da semana.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

- **Comenta:**

Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe

O tempo é ouro

Don agora fai milagres; don Mañá, nada

- **Fai unha relación de actitudes positivas ante o estudo**

- **Comenta:**

Fai máis o que quere que o que pode
Pensa nalgún momento da túa vida en que actuaras así.
Douche bo resultado?

Xa ves, é posible e merece a pena organizar o teu tempo e ter unha actitude positiva ante o traballo diario.

- Conclusións persoais

BIBLIOGRAFÍA

- XXI ENCONTROS DE EDUCACION PARA A PAZ
CONFLITIVIDADE E CONVIVENCIA ESCOLAR
SEMINARIO DE EXPERTOS
Seminario Galego de Educación para a Paz
(Fundación Cultura de Paz).
- PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR EN GALICIA. XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.
- ORTEGA, R. E COLABORADORES (1998): A CONVIVENCIA ESCOLAR: QUE É E COMO ABORDALA. SEVILLA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E CIENCIA